

ESCOLLEMOS GALEGO

Equipo de Dinamización da Lingua Galega – IES San Clemente
Curso 2024-25



ÍNDICE

1. Título do proxecto	3
2. Introducción	3
2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro	3
2.2 Xustificación do proxecto	3
3. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas	4
3.1 Obxectivos a curto prazo	4
3.2 Obxectivos a longo prazo	4
4. Actividades de dinamización da lingua galega propostas	4
4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo	4
4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo	4
5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía	5
6. Xestión e calendario	5
7. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto	6
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas	7
7.2 Alumnado participante	7
7.3 Outros membros da comunidade educativa	7
8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto	7
9. Orzamento. Xustificación e desagregación	8
10. Colaboración con institucións, entidades, asociacións ou empresas	9
11. Medidas de difusión do proxecto	9
11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos	9
11.2 Alcance	10
12. Plan de avaliación	10
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación	10
12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega	11

1 Título do proxecto

Escollemos galego. Innovación e dinamización lingüística no IES San Clemente

2 Introducción

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

O IES San Clemente, situado nunha contorna urbana e con características específicas que afectan o uso da lingua galega, atende unha poboación estudantil diversa. O alumnado do centro provén tanto de áreas urbanas como rurais, o que implica diferentes niveis de contacto e identificación coa lingua galega. Ademais, é preciso ter presente que o centro ofrece educación tanto presencial como a distancia. Dadas estas características especiais, resulta difícil analizar a súa realidade sociolingüística, xa que cada modalidade educativa se desenvolve nun contorno diferente e a zona de influencia é toda a xeografía galega.

A lingua galega ten unha presenza significativa nas comunicacións oficiais do centro, mais o seu uso espontáneo entre o alumnado presenta variacións segundo a súa procedencia e contexto educativo. A situación sociolingüística do centro reflíctese nas diferentes realidades lingüísticas que cómpre analizar en profundidade para deseñar estratexias eficaces de dinamización.

A análise sociolingüística evidencia que o galego segue a ter un papel relevante no contexto académico e institucional do centro, aínda que cun significativo horizonte por diante; ademais, a súa presenza no ámbito social e na comunicación informal continúa sendo un desafío. Para abordar esta situación, o proxecto proporá medidas concretas que incentiven o seu uso e promovan a súa normalización na vida cotiá do alumnado e da comunidade educativa. Neste sentido, é fundamental establecer unha diagnose precisa para avaliar o impacto das accións e garantir a súa eficacia a longo prazo.

2.2 Xustificación do proxecto

Este proxecto busca establecer un marco de actuación a longo prazo que consolide e amplíe o uso do galego en todos os ámbitos da vida escolar. Non só pretende sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia da lingua propia, senón tamén fixar dinámicas e recursos que favorezan a súa utilización cotiá de maneira natural e efectiva.

A aposta pola lingua galega no ensino e na vida da comunidade escolar non só contribúe á súa conservación e promoción, senón que tamén reforza a identidade cultural do alumnado, dotándoo dunha maior competencia comunicativa e abríndolle portas no ámbito profesional. O galego é unha lingua de oportunidades, cunha forte proxección de futuro en diferentes ámbitos como a tecnoloxía, a investigación, a empresa e a comunicación dixital. A través deste proxecto, búscase demostrar que o galego non só é unha lingua de cultura (que tamén), senón, así mesmo, unha ferramenta eficaz para a innovación e o desenvolvemento profesional.

3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas

3.1 Obxectivos a curto prazo

- Aumentar a visibilidade do galego nas comunicacións institucionais, docentes e informais do centro.
- Estabelecer dinámicas que fomenten a participación activa do alumnado en actividades culturais e concursos en galego.
- Sensibilizar sobre a importancia do galego no ámbito dixital e profesional, demostrando as súas potencialidades na creación de contidos e comunicación en liña.
- Desenvolver accións que fomenten unha actitude positiva cara á lingua galega dentro da comunidade educativa.
- Reforzar a presenza do galego nas plataformas educativas e materiais didácticos.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Incrementar de maneira progresiva o uso oral e escrito do galego no día a día do centro, tanto na docencia como nas interaccións informais.
- Estabelecer colaboracións con outras entidades educativas, culturais e empresariais para consolidar o galego como lingua de comunicación e traballo.
- Diseñar unha liña estábel de proxectos innovadores en galego, que potencien a súa presenza en sectores como a tecnoloxía, a ciencia e a divulgación.
- Garantir que as accións implementadas teñan continuidade e se reforcen ao longo dos anos, establecendo unha base sólida para o futuro, como foi xa a liña de acción do IES San Clemente (por exemplo, o concurso literario fai xa 36 edicións).

4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

- Organización dun concurso de microvídeos e memes co cancelo #escollemosgalego para potenciar a presenza da nosa lingua en redes sociais de grande impacto entre a mocidade.
- Realización de obradoiros sobre a creación de contidos dixitais en galego, fomentando a creatividade e a alfabetización mediática do alumnado.
- Celebración do concurso literario «Escollemos crear en galego», no que se incentiva a produción de textos en galego. Dentro do Ano Castelao, propúxose a iniciativa do concurso de poesía escurecida sobre o *Sempre en Galiza*, que obtivo unha excelente acollida desde centros de ensino de todo o país.
- Difusión de campañas de sensibilización sobre a importancia do galego na vida diaria e no ámbito profesional.

- Inicio dos contactos para o establecemento de proxectos colaborativos con outros centros educativos para o intercambio de boas prácticas na dinamización lingüística.
- Deseño de marcapáxinas e logotipos para o proxecto «Escollemos galego», con concursos específicos.
- Participación en actividades organizadas pola Secretaría Xeral da Lingua, a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago.

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

- Colaboracións con outros centros educativos e entidades culturais.
- No ámbito da proxección internacional a través do galego, de acordo con liñas estratéxicas como a Lei Paz-Andrade, impulsar a participación en proxectos internacionais como eTwinning e Erasmus+, orientados a Portugal, como se veu realizando nos últimos anos no centro.
- Coidar de maneira especial o uso do galego nas plataformas educativas en liña, actualizándoas e revisándoas.
- Elaboración de materiais didácticos en galego para formación profesional.

5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

O proxecto «Escollemos galego» organízase a través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), que supervisa e coordina as actividades, en colaboración co profesorado dos departamentos de Informática, Tecnoloxía, Xeografía e Historia, Artes Plásticas e Visuais, Filosofía, Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas, Inglés, Francés, Castelán, Portugués e Galego. Esta colaboración interdepartamental é un dos eixos do bo desenvolvemento deste proxecto. Ademais, é crucial a participación da comunidade educativa, coas familias, do persoal non docente e, en especial, como eixo protagónico, do alumnado.

A metodoloxía basearase na participación activa e dinámica da comunidade educativa, no uso de ferramentas dixitais e na colaboración con entidades externas, tanto a través de acordos de diferente tipo como abrindo a participación de certas liñas de traballo ao conxunto da poboación.

6 Xestión e calendario

O cronograma aproximado, sempre dinámico e aberto a continxencias, é:

Setembro-outubro

Reunións da comunidade educativa para estruturar o programa.

Outubro

Certame de deseño para crear o logotipo para a iniciativa.

Outubro-abril

Certame de microvídeos (para TikTok; deben estar subtítulados) e memes

(para Instagram) co cancelo #escollemosgalego. Cómpre etiquetar as novas creacións co lema #escollemosgalego e inscribirse para poder optar ao premio. Os vídeos e memes deben abordar a escolla de galego nun ou en varios ámbitos que queiran pór de manifesto (pór o móbil en galego, a páxina de navegación, a atención telefónica, a etiquetaxe de produtos, as plataformas de streaming, os caixeiros etc).

Desta forma estimularase a reflexión sobre a situación do galego, promoveranse actividades concretas e prácticas para fomentar o seu uso, potenciarase a creatividade e a súa presenza nestas apps tan utilizadas en especial pola xente nova.

No IES San Clemente realizaranse obradoiros ligados a esta iniciativa para explicar como realizar vídeos de TikTok áxiles, así como sobre a creatividade de memes. Ao mesmo tempo, explicaranse as potencialidades do uso do galego nestes espazos.

Premio de poesía escurecida sobre o ensaio *Sempre en Galiza*, de Castelao.

Novembro-décembro

Concurso de felicitación de Nadal baixo o lema: «Para o 2025, escollemos galego».

Xaneiro-abril

- 5º Premio de proxectos innovadores. Darlle continuidade, por quinto ano consecutivo, ao galardón que recoñece propostas de innovación para o galego, destinado a estimular a creatividade do alumnado matriculado na familia de Informática de FP, en calquera das diferentes modalidades dispoñíbeis no centro. As propostas deben ser orixinais e inéditas. O primeiro premio do ano pasado, dirixido a detectar obras traducidas ao galego e estimular a súa demanda (app «Quéroo en galego») marca o camiño que se vai continuar neste ano escolar. Realizaranse tamén actividades por volta da gañadora do ano anterior.
- O IES San Clemente ten un premio literario de longa tradición (esta vai ser a edición 38). Para este 2025, o lema destes galardóns de relato breve e poesía vai ser: «Escollemos crear en galego».

Marzo

Concurso de deseño de marcapáxinas alusivo ao Día das Letras Galegas de 2025, co lema: «Escollemos cantar en galego».

Maio-xuño

Acto de entrega dos premios.

Monográfico da revista do centro por volta do proxecto «Escollemos galego». Imprimiranse varios exemplares da revista e tamén se divulgará a través da rede.

7 Recursos humanos implicados

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas

Coordinador: Carlos Manuel Callón Torres (supervisión xeral).

Profesorado: Un total de 18 profesoras e profesores constitúen a parte docente do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES San Clemente no curso 2024-25. Dese conxunto, as seguintes dez persoas son as que se responsabilizan en especial do proxecto vertebrador das súas actividades, «Escollemos galego»:

Carlos Manuel Callón Torres	coord., Departamento de Portugués
Xoana Costa Rivas	Departamento de Inglés
Carlos Doval Davite	Departamento de Bioloxía e Xeoloxía
Paula Fernández Otero	Departamento de Matemáticas
Xesús Fernández Sulleiro	Departamento de Filosofía
Odilo González Carnero	Departamento de Informática
Stela Iglesias García	Departamento de Artes Plásticas e Visuais
Cristina Iglesias Padrón	Departamento de Bioloxía e Xeoloxía
Mercedes Rivas Vicente	Departamento de Galego
Alicia Sánchez Martínez	Departamento de Inglés

7.2 Alumnado participante

Alumnado de ciclos formativos, bacharelato e ESA (aproximadamente 200 alumnas e alumnos). Ademais, son membros do EDLG as alumnas Sara Montero Moure e Raquel Torres Martínez, ambas de 2º DAW.

7.3 Outros membros da comunidade educativa

Contamos coa intensa colaboración do conxunto do persoal non docente, que teñen como representante no EDLG a Carme Otero Cruz.

8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

- Computadores e dispositivos dixitais para a creación de contidos, que é un dos eixos do día a día do IES San Clemente, pola súa oferta formativa, o alumnado presencial e a importancia no centro do Departamento de Informática.
- Materiais de escritorio para concursos e publicacións.
- Plataformas en liña: tanto a web do centro como a presenza nas diferentes redes sociais, que son un dos campos de traballo máis importante neste proxecto.

9 Orzamento. Xustificación e desagregación

Temporización	Título da actividade	Responsábel/beis e departamentos correspondentes	Persoas destinatarias	Orzamento	Material necesario para a realización das actividades
1ºtrimestre	Reunións da comunidade educativa para estruturar o programa «Escollemos galego»	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto)	Conxunto da comunidade educativa	-	Material e espazos propios do IES San Clemente
1ºtrimestre	Certame de deseño para crear logotipo para a iniciativa «Escollemos galego»	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto)	Conxunto do alumnado do IES San Clemente	100 €: primeiro premio 30 €: accésit 10 €: impresións Total: 140 €	Premios. Carteis
1ºtrimestre	15º Concurso de felicitacións de ano novo	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto)	Conxunto do alumnado do IES San Clemente	100 €: primeiro premio 75 €: segundo premio 50 €: terceiro premio 10 €: impresións Total: 235 €	Premios. Carteis
2º e 3º trimestres	38º Premio literario IES San Clemente: Poesía escurecida polo Ano Castelao	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto)	Autonómico	100 € primeiro premio en tres categorías 75 € segundo premio en tres categorías 25 €: impresións Total: 550 €	Premios. Carteis
2º e 3º trimestres	5º Premio de proxectos innovadores	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto).	Alumnado FP do IES San Clemente.	250 € en premios 10 €: impresións Total: 260 €	Premios. Carteis.
2º e 3º trimestres	Concurso de marcapáxinas sobre o Día das Letras Galegas	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto).	Alumnado do IES San Clemente.	255 € en premios 10 €: impresións Total: 265 €	Premios. Carteis.
2º e 3º trimestres	Certame de microvídeos e memes para as redes sociais co lema «Escollemos galego»	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto)	Autonómico	100€ primeiro premio en dúas categorías 75 € segundo premio en dúas categorías 50 € terceiro premio en dúas categorías 10 € impresións Total: 460 €	Premios. Carteis

2º e 3º trimestres	Obradoiros para crear vídeos en galego nas redes sociais	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto)	Comunidade educativa do IES San Clemente	160 € cada obradoiro (tres) Total: 480 €	Obradoiro
3ºtrimestre	Acto de entrega de premios	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto)	Autonómico	-	Material e espazos propios do IES San Clemente
3ºtrimestre	Dous obradoiro sobre literatura tradicional, polo Día das Letras Galegas	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto)	Alumnado do IES San Clemente	300 € cada obradoiro Total: 600 €	Obradoiro
3ºtrimestre	Publicación da revista <i>Rumbo</i> nº 10	EDLG. Diferentes departamentos que colaboran co EDLG (véxase o proxecto)	Comunidade educativa	150 €: impresións	Impresión da publicación
TOTAL					2.875,00 €

10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

- Secretaría Xeral da Lingua, en especial a través da información, asesoramento e propostas que nos achega a coordinadora dos equipos de dinamización da lingua galega na provincia da Coruña, Pura Galán Boutureira.
- Concello de Santiago de Compostela.
- Deputación da Coruña.
- Outros centros educativos e entidades culturais. Estamos a iniciar conversas para realizarmos accións conxuntas con outros centros educativos próximos. Así mesmo, foi moi importante a colaboración con varios centros de ensino para o éxito de acollida que tiveron iniciativas como o premio de poesía escurecida sobre o *Sempre en Galiza* (sen ánimo de exhaustividade, destacan o IES Chan do Monte, o CPI Viaño Pequeno, o IES da Terra Chá, o IES Fernando Wirtz etc).

11 Medidas de difusión do proxecto

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

O uso de plataformas dixitais como TikTok e Instagram para a difusión dos produtos creados (microvídeos, memes) asegura unha ampla visibilidade do proxecto. Estas redes sociais, moi populares especialmente entre o alumnado, permiten que o proxecto chegue a un público amplo. O impacto pode ser constatado a través das evidencias gráficas que se poderán recompilar e difundir mediante páxinas web, blogs e redes sociais.

Ademais, a revista monográfica prevista para o final do curso recollerá os

logros acadados, consolidando así o impacto do proxecto.

Así mesmo, tamén se penduran todas as informacións do proxecto na web do centro e divulgaranse nos medios de comunicación. Por último, realizaremos unha publicación monográfica da revista do centro sobre todas as actividades deste ano escolar 2024-25 e difundirase tanto cunha versión dixital como en papel.

11.2 Alcance

- No centro: alumnado (tanto presencial como a distancia, que significa chegar a persoas de todos os puntos do país), profesorado e persoal non docente.
- Na contorna: familias, entidades locais e outros centros educativos.
- No conxunto do territorio galego: todas as persoas que coñezan as nosas actividades ou que participen delas, naquelas iniciativas abertas (foi xa excelente a acollida desa categoría no premio de poesía escurecida e esperamos que tamén o sexa na proposta de vídeos e memes).

12 Plan de avaliación

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

O proxecto «Escollemos galego» cumpre cos criterios xerais e específicos do Plan Proxecta, ofrecendo unha metodoloxía innovadora, colaborativa e interdisciplinaria que promove activamente a lingua galega entre a mocidade. Os puntos para a súa avaliación son os seguintes:

1 Creación dunha rede de traballo cooperativa

O proxecto «Escollemos galego» promove de maneira efectiva unha rede de traballo cooperativa entre a comunidade educativa. O alumnado participa activamente en diferentes fases do proxecto, desde o deseño do logotipo até a creación de vídeos e memes, o que lle permite ser protagonista do proceso creativo e na toma de decisións. Esta implicación fortalece a colaboración entre o profesorado e o alumnado, alén de abrir portas a unha posíbel participación das familias e outras institucións que promovan o uso do galego, especialmente en actividades culturais e tecnolóxicas.

2 Interdisciplinabilidade e transferibilidade

O proxecto incorpora achegas de varios departamentos didácticos, o que o converte nun exemplo de interdisciplinabilidade. A participación de profesorado de diferentes ámbitos fomenta unha integración natural das disciplinas e ofrece un enfoque global para a dinamización da lingua galega. Ademais, a transferencia deste modelo é factíbel noutras institucións educativas, especialmente grazas á súa estrutura flexíbel e á variedade de actividades que poden ser adaptadas a distintos contextos.

3 Impacto e difusión

O uso de plataformas dixitais como TikTok e Instagram para a difusión dos produtos creados (microvídeos, memes) asegura unha ampla visibilidade do proxecto. Estas redes sociais, moi populares entre o alumnado, permiten que o proxecto chegue a un público amplo. O impacto pode ser constatado a través das evidencias gráficas que se poderán recompilar e difundir mediante páxinas web, blogs e redes sociais. Ademais, a revista monográfica prevista para o final do curso recollerá os logros acadados, consolidando así o impacto do proxecto.

4 Consecución dos obxectivos e dinamización do galego

O proxecto responde plenamente aos obxectivos de promover a dinamización da lingua galega, cun enfoque práctico e directo sobre o seu uso en contornos tecnolóxicos e dixitais. O feito de que os estudantes teñan que traballar con contidos en galego en diferentes plataformas e dispositivos promove o uso real da lingua en situacións cotiás, como a configuración de móbiles, plataformas de streaming ou atención telefónica.

5 Grao de innovación

«Escollemos galego» destaca polo seu alto grao de innovación en diferentes sentidos, tamén pola integración das novas tecnoloxías na promoción do galego. O uso de TikTok e Instagram para actividades de creación de contidos en galego (como vídeos e memes) e a realización de obradoiros específicos sobre estas ferramentas marcan unha nova forma de abordar a dinamización lingüística, adaptada aos intereses e hábitos do alumnado.

6 Idoneidade das accións e produtos

As actividades e produtos do proxecto, como os certames de microvídeos, memes e proxectos innovadores, son idóneos para o público destinatario e contribúen de maneira efectiva ao incremento do uso e da valoración positiva do galego. Ao integrar a lingua galega en espazos onde de xeito máis habitual se empregan outras linguas (redes sociais, apps, plataformas dixitais), estase a fomentar non só o seu uso, senón tamén unha percepción máis positiva entre a mocidade.

Os tres principais indicadores para a avaliación son:

- Participación do alumnado e profesorado nas actividades.
- Impacto nas competencias lingüísticas do alumnado.
- Visibilidade do galego no centro e na contorna.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega

- Aumento do uso oral e escrito do galego no centro.
- Redución de prexuízos lingüísticos entre a comunidade educativa.
- Consolidación do galego como lingua de futuro no ámbito educativo e laboral.

